

Baobab Teatro  
presenta



MEMORIA DO ESPECTÁCULO





## 1. DESCRIPCIÓN DO ESPECTÁCULO

“**Ris Ras**” nace da necesidade de dar continuidade ao proxecto de investigación sobre a nosa lingua galega que fixemos no ano 2017 e que chamamos : “Puño puñete”. Nace de por en valor a nosa lingua, nace co obxectivo claro de profundizar nos ditos populares, refráns, poemas, lérias e enredos menos coñecidos para que non se esquezan.

Con “**Ris Ras**” pretendemos chegar ao público familiar de a partir de 1 ano ata os 8 anos aproximadamente (familias enteiras, mamás, papás, avós, avoas...), un espectáculo de dinamización da lingua galega.

“**Ris Ras**” parte do eixe principal das lérias e enredos da nosa tradición oral, que xa contaban as nosas bisavós/as, os/as nosos/as tataravós/as... e partindo de aí viaxaremos a través da música, xogos, enredos e historias tradicionais da man dun trasno que nace do amor entre Catarina e Lourenzo (A lúa e o Sol).

*Contan que te contan, as avoas da miña terra, que a única noite, ou o único día que Catarina e Lourenzo se viron, foi tan forte o seu amor, que del naceu un ser: un trasno que enreda noite e día coas súas trasnadas e a súa enerxía.*



**“Ris Ras”** porá en escena a dúas mulleres (Iria Pinhero e Ailén Kendelman) que nos farán sentir todo tipo de emocións, risas, tenrura, maxia, acollemento, intriga... pero sobre todo, o público poderá gozar dun momento marabilloso en familia.

Neste espectáculo estarán moi presentes os xogos de man, dedos e cara, tamén os ditos populares que se repiten ao longo do espectáculo e que o público sairá repetíndoos e non poderán esquecer.

Partimos de:

*Ris, ras  
aparta “pa” alá  
que perdo o compás*

*Ris, ras  
aparta “pa” alá  
que perdo o compás*

En Baobab teatro sempre temos un selo de calidade nos nosos proxectos e apostamos por unha ardua tarefa de investigación para por en actualidade ditos, poemas e refráns que xa están en desuso. Queremos, con este espectáculo, demostrar que estes xogos e estas leiras aínda están de actualidade, só hai que rescatalas e darlles vida para que sigan a espallarse de boca en boca.







Con “**Ris Ras**” temos grandes expectativas, despois de “Puño Puñete”, afrontamos esta nova andaina con moita ilusión e moito entusiasmo, e sentimos que estamos aportando o noso gran de area para darlle forza e empuxe á nosa lingua.

Para poder levar á cabo este espectáculo tivemos moita sorte, porque nos rodeamos de xente moi interesante e con moitísima tradición oral e polular, avós, avoas, bisavós/as e maiores que nos regalaron a súa inmensa sabedoría. Foi un traballo marabilloso cheo de risas, bágoas, tristura...que nos permite agora poder continuar o seu saber:

*Chove, chove  
na casa do pobre.  
Neva, neva  
na casa da vella.  
“Xía, xía”  
na casa da tía.  
Sarabea, sarabea  
na casa da tía Andrea  
Pinga, pinga  
na casa da tía Dominga  
Trona, trona  
no cu da “patrona*





Os/as netos/as, bisnetos/as, fillos/as... serviron de parte crítica, e experimental, á hora de ver que elementos podían funcionar. Algo máxico teñen os enredos, lerias e xoguetas dos nosos maiores que aos pequenos atrápaos dende o primeiro momento e repiten con rapidez.

**“Ris Ras”** non pretende ser só un espectáculo en lingua galega, esta obra enrédate para saír falando no noso idioma e continuar nos fogares xa que poden levar un CD coas letras, poesías, enredos e cantigas que se abordan ao longo do espectáculo, quedando expresos os seus contidos sociolingüísticos.





“**Ris Ras**” conseguirá facer que a xente cante, ría, baile e fale, fale galego e repita xogos tradicionais.

“**Ris Ras**” será revisado polo equipo de Normalización lingüística do Concello de Pontevedra, a cargo de Conchi Conchón. Este proxecto foi subvencionado pola Axencia Galega das Industrias Culturais.- AGADIC, dentro das subvencións a produción escénica 2019.





## 2. REPERTORIO MUSICAL E DURACIÓN DO ESPECTÁCULO:

A duración do espectáculo está axeitada ás idades dos espectadores, nenas/os de 1 a 8 anos polo que a súa duración é de 45 minutos.

O repertorio musical do espectáculo está composto polos seguintes temas musicais:

01. **Ris Ras** (Xogo popular galego)
02. **Ola mamá, ola papá!** (Autoría propia)
03. **Alumémame luíña** (Autoría propia)
04. **Ris Ras 2** (Xogo popular galego)
05. **Chove, chove** (Baseada xogo popular galego)
06. **Un elefante** (Baseada nun xogo popular)
07. **Ris Ras 3** (Xogo popular galego)
08. **Que hai neste buratiño?** (Basedada nun xogo tradicional)
09. **Ris Ras 4** (Xogo popular galego)
10. **Chove, chove 2** (Baseada xogo popular galego)
11. **Tres osos** (Baseada nun conto popular)
12. **Diferente** (Autoría propia)
12. **Ris Ras 5** (Xogo popular galego)
12. **A durmir!** (Autoría propia)
14. **Adeus mamá, adeus papá!** (Autoría propia)





### **3. FICHA DO GRUPO:**

#### **3.1. Integrantes do equipo artístico e técnico do espectáculo:**

**Interpretación vocal:** Ailén Kendelman e Iria Piñeiro

**Interpretación musical:** Ailén Kendelman e Iria Piñeiro

**Técnico de Iluminación e Son:** Óscar Ferreira

**Técnica de aderezo e montaxe:** Montse Castiñeira

#### **3.2. Ficha artística do proxecto:**

**Dirección:** Óscar Ferreira e Andrea Bayer

**Guión:** Andrea Bayer

**Composición Musical:** Davide González

**Letras:** Andrea Bayer

**Deseño de Escenografía:** Óscar Ferreira

**Construción de Escenografía:** Óscar Ferreira e Montse Castiñeira.

**Vestiario:** Baobab Teatro

**Deseño de Iluminación:** Daniel Abalo

**Gravación e mestura do disco:** Daniel Abalo

**Producción executiva:** Óscar Ferreira

**Deseño gráfico:** Ovo publicidade

**Material Audiovisual e fotografías:** Víctor Moreno (Lia Films)

**Disco editado por:** Inquedanzas sonoras

**Producido por:** Baobab Teatro













**FIN**



<b>CULTURACTIVA</b> ESCENICAS	<b>981 582 836</b> <a href="mailto:info@culturactiva.org">info@culturactiva.org</a> <a href="http://www.culturactiva.org">www.culturactiva.org</a>
----------------------------------	--